

# PROTECCIÓN E VALORIZACIÓN DE COÑECEMENTO

A estratexia de valorización da investigación sanitaria de ACIS desenvólvese nun **marco de colaboración, cooperación e comunicación con todos os axentes** que forman parte do Ecosistema de Investigación e Innovación Sanitario Galego.

**Obxectivos.** A estratexia de vertebración multicéntrica de ACIS pretende:

- Ampliar o catálogo de servizos de apoio aos investigadores para a transferencia dos resultados.
- Obter sinerxías e economías de escala para a execución de proxectos de alto impacto.
- Compartir novas medidas de promoción da investigación.

Nestes contextos, a cooperación é especialmente estreita coas organizacións que xeran, xestionan e promoven a transferencia da investigación biosanitaria galega. Son salientables os vínculos cos [tres institutos de investigación sanitaria](#) e coas tres [fundacións de investigación biomédica](#).

**Carteira de servizos.** As liñas de apoio á transferencia de ACIS desenvólvense dun xeito coordinado cos institutos e coas fundacións, incluíndo:

1. **Servizos técnicos especializados.** En coordinación cos institutos e coas fundacións, ACIS diseña e executa as estratexias máis axeitadas de valorización de proxectos e ideas, sempre coa perspectiva da súa implantación na práctica sanitaria. ACIS traballa para ofrecer servizos técnicos especializados aos investigadores. Estes inclúen a asesoría de patentes, a vixilancia tecnolóxica, a asesoría legal, a valorización de tecnoloxías, a parte regulatoria e calquera outro aspecto necesario para acadar os obxectivos establecidos.
2. **Promoción da protección da propiedade intelectual.** En colaboración coas fundacións galegas de investigación biomédica, ACIS traballa na implantación de boas prácticas para a identificación e xestión dos dereitos de propiedade intelectual e industrial. Isto inclúe a interlocución cos departamentos administrativos de ámbito autonómico con competencias na xestión de resultados e convenios de investigación.

|           |   |
|-----------|---|
| Proxectos | > |
|-----------|---|